



DO PICO ORJAIS, José Luis (Coord.) (2023). *A música represaliada. Unha foliada de memoria*. Pontevedra: Deputación de Pontevedra; 303pp. ISBN: 978-84-8457-538-2

*O probe do vello, cos anos cangado,
Ergueuse da pedra i o pau recadou;
Virou para os ceos, o puño pechado,
E cara aos touzales rosmando marchou.
Canta sapo, canta!
Tí e eu somos dous,
E o sapo que o oía, repuxo: cro, cro!*¹

¹ *O vello e o sapo*, cantiga que interpreta Pucho Boedo, puño en alto, a voz dos Tamara que canta, no ecuador dos oitenta do século XX, ao pai asasinado polo fascismo, durante a que foi a súa última actuación na TVG: www.youtube.com/watch?v=UDIGP17iqZE&ab_channel=xxxmariomcgxxx. O vídeo foi proxectado por Xurxo Souto nas segundas xornadas contra a impiedade e é sinalado na obra que se recensiona, por parte da Deputada de Memoria Histórica María Ortega Liñares, como a alborada máis incipiente da mesma; pois a partir desta

O libro *A música represaliada. Unha foliada de memoria*, coordinado baixo a batuta do investigador, mestre e músico arousán José Luis do Pico Orjais, e promovido pola Área de Memoria Histórica do Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico da Deputación de Pontevedra, compila vinte e catro artigos que rescatan do esquecemento diferentes entidades e persoas relacionadas coa música (fora esta a súa profesión ou divertimento) e que padeceron a represión franquista. Esta “partitura da memoria” ven acompañada de pezas musicais ás que se pode acceder a través do código QR incorporado na publicación.

Alborexa o limiar da obra Do Pico Orjais (2023, p. 12) sinalando que enfrontarse a un proxecto destas características, que pon o foco na recuperación da memoria histórica dun colectivo de homes e mulleres unidos polo seu amor á música, obriga a “buscar resposta a algunhas preguntas elementais. Unha delas debería estar centrada en se a súa relación coa música influíu na represión deste colectivo. É incuestionable como, na maior parte dos casos, o detonante foi a militancia política, mais non debemos ignorar o feito de que a relevancia social asociada á práctica musical puidese resultar decisiva”. Nesta liña, sinala tamén Do Pico, que a sociedade intensamente rural galega do momento, na que boa parte da poboación se dedicaba ao traballo no campo ou no mar, as persoas que se dedicaban á mú-

proxección e charla realizada por parte do cantante dos Diplomáticos de Monte Alto —que repetiu en centros culturais e institutos da provincia de Pontevedra—, sucedeu unha homenaxe en xullo de 2022 na parroquia lalinense de Moneixas, na que se distribuíu unha revista que foi o xermolo deste libro coordinado por Do Pico.

sica resultaban singulares e, as diferentes bandas de música populares, academias e sociedades de música, constituían óptimos lugares para a educación popular e o intercambio de opinións, para os debates e para a organización colectiva. A esta cuestión engádesse que, ademais, “a represión ten, en moitos casos, un marcado carácter exemplificativo. Atacar a alguén que ocupa unha posición moi respectada como, por exemplo, os mestres e as mestras, resulta un aviso eficaz para toda a comunidade (...), permítelles aos represores lanzar un aviso demoledor: ninguén está a salvo de nós” (Do Pico Orjais, 2023, p. 12).

A obra non só pon o foco sobre “a xente da música” para recuperar a memoria de biografías que reflicten crimes do franquismo, senón para poñer en valor o legado que estas persoas deixaron no exercicio do seu oficio, “porque cada composición recuperada é unha luz acendida na escuridade franquista” (Do Pico Orjais, 2023, p. 14). A longa noite de pedra franquista que se estende do 1936 ao 1975 “con políticas represoras sobre o feito diferencial do pobo galego, vasco e catalán; coa lexitimación dunha violencia machista de Estado; cunha educación nacionalcatólica que lastrou, xa en democracia, a xeración da Transición, vítima dun franquismo sociolóxico que perdurou no subconsciente colectivo” (Do Pico Orjais, 2023, p. 13), levou tamén a que as músicas se puxesen ao servizo do réxime, que as utilizou, controlou e manipulou para crear a ilusión dunha estética nacional do Estado novo por eles imaxinado.

Esta obra polifónica recolle as voces e pegadas na memoria de:

Xesús Froiz, promotor do grupo de gaitas Os Dezas de Moneixas (Lalín), cola-

borador coa agrupación republicana liderada por Manuel Ferreiro no 1930, membro do Grupo Galeguista de Lalín e tamén implicado tanto na correspondencia de *Faro de Vigo* como en *A Nosa Terra*, encarcerado na prisión de Lalín e asasinado sen que conste en ningún rexistro a súa morte. Escribira: “Irmáns! Ultra! Adiante pol’Os Dezas. Que cando nas súas xeiras sintan sobre si o doce agarimo da NOSA BANDEIRA noten tamén as bafaradas do quente alento de todos os galegos barudos e dese xeito sigan cada vegada con paso máis seguro, se cabe, estendendo pola Patria a nosa música, o noso canto e os nosos costumes. Ei Terra!”. O artigo sobre o lalinense ven de man do profesor e investigador Manuel Igrexas.

Manuel del Río Mandayo, carpinteiro, ebanista e gaitero afeccionado que viviu a barbarie fascista en Ordes, tomara parte, moi discretamente, do Comité da Fronte Popular de Ordes que se configurara para defender a República, pertencera ás xuventudes socialistas e posteriormente ao PSOE, sendo o primeiro responsábel local da UXT. Manuel del Río foi torturado, paseado e asasinado ao pé do cemiterio de Boisaca. Tal e como recolle o artigo de Manuel Pazos Gómez, a día de hoxe nin a súa familia sabe exactamente da súa sepultura.

Constante Moreda, perruqueiro e músico de Lavadores fusilado en Vigo xunto ao seu pai, ao seu irmán e o seu cuñado. Constante, tal e como recollen Xerardo F. Santomé, Xavier Moreda e Giovanna Moreda na súa contribución á obra coordinada por Do Pico, non só “facía falar a gaita”, o que o levou a gañar diversos premios — entre os que cómpre destacar o feito de ter sido o único gaitero en gañar o Ave-

lino Cachafeiro en competición oficial—, senón que tamén arranxaba e construía palletas e pallóns de alta calidade para os demais grupos e solistas.

José Gómez Avelaira e os Gaiteiros de Xinzo da Costa, músicos que deran sona a toda a comarca, tal e como se recolle no texto de Alberte Pérez. José Gómez, músico e agricultor, era amigo de Benigno Álvarez, líder político provincial, comunista e veterinario que chegara a ser alcalde de Maceda no 1931 e artellara os comités contra o golpe militar en Ourense. O líder da agrupación de gaiteiros de Xinzo, que interpretaba a danza gremial da Unión de Agricultores en todas as festas patronais, foi asasinado polos falanxistas en Pazos de Couseado.

Urbano Rodríguez Moledo, activista cultural no concello de Lavadores, presidente do cadro de declamación Máximo Gorki do Ateneo Deportivo Obreiro de Lavadores e militante da UXT. Recolle no seu artigo Javier Jurado Luque que o dramaturgo de Marín, autor do libro da zarzuela galega *O primeiro amor* (con música de Ángel Teijeiro), foi detido tras o golpe de estado fascista, xulgado e fusilado no monte do Castro de Vigo.

Raimundo Rodríguez Neira, xastre e intérprete de bombardino na banda de música municipal de Pontevedra, da que era subdirector. Moi coñecido na cidade debido á súa actividade sindical na Sociedad de Profesores de Música, da que foi presidente desde abril de 1935, foi asasinado por falanxistas de Marín, tal e como reflicte a dura testemuña que documenta Xosé Álvarez Castro na súa contribución á obra.

Alexandre Bóveda e a Sociedad Coral Polifónica de Pontevedra, por José

Luís do Pico Orjais e Ramom Pinheiro Almuinha, que recollen como a Coral Polifónica de Pontevedra, seleccionada para ser gravada en Madrid pola compañía *Gramófono*, do recoñecido selo *La voz de su amo*, conta entre os coristas nesas datas con voces de persoas como Castelao, Losada Diéguez ou Alexandre Bóveda. Bóveda, galeguista e republicano, foi fusilado o 17 de agosto de 1936. A Sociedad Coral Polifónica silenciou o seu canto ata despois da guerra.

Cántigas da Terra e a represión franquista vivida en torno ao coro, reflíctese no artigo escrito por Moncho do Orçam, que visibiliza as biografías dalgunhas persoas ligadas ao coro que sufriron o exilio interior ou directamente pagaron coa vida a fidelidade ás súas ideas: Manuel Abelenda Zapata, pintor galeguista exiliado que consegue retornar á Coruña en canto remata a guerra; Joaquín Martín Martínez, secretario municipal da Coruña e antigo presidente do coro, e Francisco Prego, xefe de negociado do Concello e antigo secretario do coro, ambos fusilados; Manuel Fernández Amor, músico e educando de música na banda militar da Coruña cunha ampla obra musical, primeiro gaiteiro do coro, separado do corpo; Elvira Bao Maceiras, mestra, e o seu marido Bernardino Varela do Campo, ambos con destacado papel no teatro das Irmandades e no Conservatorio Nacional da Arte Galega, que viviron o exilio interior; Arturo Taracido Veira, secretario fundador de Cántigas da Terra e membro das Irmandades da Fala, preso; e Leandro Carré Alvarellos, primeiro director artístico do coro, co que colaborou durante toda a súa vida, viviu a morte do seu fillo a man dos falanxistas e foi preso por medio ano.

Higinio Cambeses Carrera, destacado polo investigador José Luis do Pico no seu artigo como un dos grandes compositores galegos para banda de música (con títulos tan coñecidos como *A noite do Santo Cristo*, *Pepa* ou *Mondoñedo*), viviu tal represión que acabou por suicidarse no hospital provincial de Pontevedra o 19 de febreiro de 1949.

A represión da música na Ría de Vigo, con nomes como os de Carlos Palacios, José Nores, Emilio Nores, Joaquín Nores ou Ismael Costas, ligados todos eles á Banda de Música de Cangas e que viviron diferentes vexacións por parte dos falanxistas, sendo presos ou asasinados, tal e como outras persoas que sinala no seu texto Luís Bará Torres.

Amador Rodríguez Solla, zapateiro e gaiteiro de Salceda, recoñecido co alcume de “Tarzán” tras a fuga do penal de San Cristóbal, ao ter vivido tres meses agochado na monte ata o seu reingreso en prisión, como sinala no seu artigo o músico, investigador e escritor Xosé Ramón Paz Antón.

Luis Brage Villar, compositor e director nado en Compostela e recoñecido a nivel galego. O investigador David Ferreiro Carballo recolle a memoria do pianista residente en Ribadavia, onde se fixera cargo da dirección da banda de música La Lira e onde se convertera nun auténtico dinamizador cultural. A represión e o tempo na cadea fixo que, en palabras do seu propio neto, xa nunca voltase a ser o mesmo e “tan só conseguise gañar malamente a vida como profesor de música na Coruña” (p. 140).

Carlos López García-Picos, destacado compositor e director de coros que

desenvolveu a súa actividade entre Betanzos e o exilio en Bos Aires e París. O músico pianista Javier Ares Espiño pon de relevo no texto a ampla actividade creativa do betanceiro, a súa integración en asociacións de compositores a ambos lados do Atlántico e a súa faceta como director en diversas agrupacións corais, alén da pegada da guerra civil na súa obra.

Jesús Dopico e Manuel Quiroga, no artigo de M^a del Carmen Lorenzo Vizcaíno, quen pon énfase no éxito dos violinistas, pontevedrés e ferrolá respectivamente. Sinala a autora que ambos músicos seguiron andainas paralelas na súa vida: compartiron docentes, estudaron en Madrid e París, gañaron concursos, triunfaron nos escenarios, levaron sempre a Galiza no corazón, tiveron un antes e un despois nas súas vidas entre 1937 e 1939 e morreron cada un nun exilio distinto.

Sofía Nóvoa, pianista e pedagoga á que Samuel Diz dedica o seu traballo no libro coordinado por Do Pico. A viguesa desenvolvera a súa actividade pedagóxica previa ao exilio nos Estados Unidos vencellada ao Instituto-Escuela de Madrid e á Residencia de Señoritas dirixida por María de Maeztu, con quen mantiña unha relación moi estreita, e formaba parte ademais das mulleres que se reunían no Lyceum Club Femenino. O golpe de estado sorprendeuna en Vigo, levándoa a partir dende Lisboa ata Nova Iorque para incorporarse como lectora á Universidade de Columbia e ao Instituto de las Españas.

María Marcela Valverde Mariño, no artigo elaborado por parte da profesora e investigadora Aurora Marco. Con pronta vocación pola música, a pianista, cantante e docente, que pasara a súa infancia

e mocidade en Compostela, contou cunha sólida carreira que se estendeu polos grandes teatros europeos. A contralito, fiel á causa republicana, viviu o final dos seus días exiliada en Uruguai.

Ana María Alvarar, violinista que formou parte da Orquestra Filharmónica da Coruña, e na que centra o seu artigo a xornalista Carme Vidal. A vontade de recuperar a memoria e restaurar o lugar da súa familia tras a dor sufrida eran pretensións que trasladou no seu libro autobiográfico *Soltando Lastre* (2002), onde relata como tan só a música conseguía devolverlle certo equilibrio nunha vida de sufrimento marcada pola ditadura.

Jacinta Landa Vaz, mestra republicana estremeña de nacemento e formada no ambiente e principios da Institución Libre de Enseñanza en Madrid, á que dá voz José Luís do Pico², que desenvolve entre os anos 1917 e 1924 un intenso itinerario de inmersión na cultura galega acompañada polo recoñecido filósofo e membro das Irmandades da Fala Vicente Viqueira (con quen contraeu matrimonio civil no 1917). Especializada no ensino de crian-

zas xordas, mudas e cegas, o seu compromiso coa República levouna ao exilio mexicano, onde continuou “cultivando o xardín” ao que apela Do Pico.

Eduardo Martínez Torner e Jesús Bal y Gay, a quen o musicólogo e profesor Xavier Groba González dedica o seu artigo, foron intérpretes, compositores, directores e investigadores. O seu compromiso coa música galega de tradición oral, levounos a artellar a elaboración dun cancionero (no que traballaron entre os veráns de 1928 e 1932) que quedou parcialmente logrado debido ao exilio.

María Otero e Evangelino Taboada, figuras visibilizadas no texto elaborado pola música guitarrista Isabel Rei Sanmartín, contaban con vínculos coa Junta para Ampliación de Estudios e Investigaciones Científicas e formaban parte do ambiente musical do Vigo dos anos trinta ata que a súa vida se viu truncada e forzada a desenvolverse de forma oculta.

Gustavo Freire Penelas, por Xulio Pardo de Neyra. O lucense e violinista formou parte do Orfeón Gallego fundado por Montes Capón e, posteriormente en Madrid, da Banda Nacional, da Banda Hispánica ou do Teatro Eslava. Compositor de pezas como *Festa n'a Tolda* ou *Airiños, Aires*, e autor do primeiro texto musical publicado na literatura galega tras a violenta implantación do fascismo franquista, Freire viviu o exilio interior na cidade co auditorio que hoxe leva o seu nome.

Pucho Boedo, recoñecido vocalista dos Satélites ou dos Tamara, case non coñeceu ao seu pai, a quen asasinaron no 36 cando el contaba con sete anos de idade, ao igual que ao seu irmán, José Antonio Boedo, albanel e destacado membro da

² A quen o autor dedica tamén o interesante traballo: Do Pico Orjais, José Luis, Morais, Domingos e Barrios Manzano, Pilar (2017). *O legado sonoro de Jacinta Landa Vaz. Galiza, Portugal e Extremadura*. Santiago de Compostela: aCentral Folque; que se suma a traballos como, entre outros: Sánchez de Madariaga, E. (Ed.) (2012). *Las maestras de la República*. Madrid: Catarata; Pozo Andrés, M. M. (2013). *Justa Freire o la pasión de educar. Biografía de una maestra atrapada en la historia de España (1986-1965)*. Barcelona: Octaedro; Porto Ucha, A.S. e Vázquez Ramil, R. (2015). *María de Maeztu. Una antología de textos*. Madrid: Dykinson. E aínda a fundamental obra da Colección Biblioteca de Pedagogía: Costa Rico (Dir.) (2022). *Mulleres imprescindibles. Educadoras na vangarda do século XX*. Pontevedra: Kalandraka.

CNT. José Boedo, pai de Pucho, era presidente do sindicato de canteiros da CNT e un dos fundadores do ateneo libertario El Resplandor en el Abismo. Tamén a irmá, Carme Boedo, sufriu a represión, e Manuel Boedo, o irmán pequeno, con quen só puido reencontrarse Pucho nos últimos anos de vida. No artigo, sinala Xurxo Souto como o “antídoto do neno contra tanta dor foi a música” pois “tras o sorriso do *crooner* agochábase moita dor. Heroe sonoro e — curioso paradoxo— representante dunha xeración condenada ao silencio. Esa dor da que non lle era permitido falar, mais que sabía expresar cada vez que subía ao escenario” (p. 266).

A canción galega en boca de mulleres galegas, pois, tal e como pon de relevo o texto de Rosalía Castro Pérez, a partir dos anos sesenta comezan a aparecer unha serie de mulleres que alzan a súa voz sobre os escenarios: Fina Galicia, Maruxa Villanueva, Pilocho, María Manoela ou Ana Kiro. Todas elas conviviron coa crúa realidade do franquismo nun momento no que unha muller subida nos escenarios continuaba xerando problemáticas e, con todo, loitaron por visibilizar a súa voz.

Pecha a obra o **Epílogo: Escala de memoria** elaborado pola técnica de Me-

moria Histórica da Deputación de Pontevedra Montse Fajardo, onde se destaca o papel da música como ferramenta fundamental de resistencia, berrada ou silandeira, máis sempre presente.

O libro contén un valioso material de amplo interese para a nosa historia, para a historia da educación e para a súa aplicación didáctica, en tanto que realiza achegas ás vidas de diferentes homes e mulleres vítimas do fascismo; músicos, intérpretes e en moitos casos tamén mestres e mestras, fundamentais para a historia da música galega e que, co nexo da partitura de fondo, contribúen a recompoñer aquí parte da nosa memoria colectiva. Así, recollendo boa parte da historia da música galega represaliada, a obra procura “dar unha visión de país, coa esperanza de que as partituras inconclusas, os fíos dos que seguir tirando que atoparedes na súa lectura, sirvan de caxato para percorrer futuros camiños da memoria” (Do Pico Orjais, 2023, p. 8).

UXÍA BOLAÑO AMIGO

Universidade de Santiago de Compostela